

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO  
GEOGRAFÍA E HISTORIA**

**CURSO 2022-23**

**NIVEIS 2º e 4º ESO**

PILAR DE CASTRO DOCAMPO

## **CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO:**

### **2º ESO**

1. Ordenar os acontecementos históricos en eixes cronolóxicos e localizalos no espazo coa fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da Humanidade que teña en conta os procesos de cambio e de permanencia.
2. Describir a evolución de Europa e Hispania tras a fragmentación do Imperio romano prestándolle especial atención ao imperio carolinxio e analizar os elementos que, tras a morte de Carlomagno, propiciaron o nacemento do feudalismo.
3. Caracterizar a orixe e evolución do reino suevo de Galicia, os seus trazos sociais, económicos e políticos máis destacados e os motivos da súa desaparición.
4. Coñecer as orixes do Islam, a conquista musulmá da Península e a evolución histórica de Al-Andalus.
5. Explicar a composición e os trazos distintivos dos distintos estamentos da sociedade medieval: xeito de vida, nivel de riqueza, actividades económicas, etc. e as características do feudo.
6. Describir as características da monarquía feudal e caracterizar os pactos de fidelidade e vasalaxe que establecían os distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal.
7. Coñecer as orixes da cidade medieval e caracterizar a composición e as formas de vida dos distintos grupos sociais que habitaban a cidade medieval, facendo especial fincapé na nova clase social: a burguesía.
8. Describir a situación de Europa na Baixa Idade Media prestándolles especial atención ás causas das crises que viviu o territorio europeo neste período.
9. Explicar os trazos distintivos da arte románica e da arte gótica en Europa e na Península Ibérica nas súas diversas manifestacións: arquitectura, escultura e pintura.
10. Analizar as causas, a evolución e as diferentes fases da expansión territorial dos primeiros reinos cristiáns peninsulares así como o proceso de repoboamento dos territorios ocupados, localizando no mapa as etapas máis importantes e prestándolle unha atención especial á conquista e repoboación do territorio galego
11. Identificar as características e a evolución dos reinos cristiáns desde as súas orixes no século VIII até finais da Idade Media.
12. Describir a forma de goberno e as institucións dos Estados cristiáns da Península e a súa evolución ao longo da Idade Edad Media.
13. Identificar a distribución da poboación no planeta, España e Galicia, entender o concepto de densidade de poboación e especificar os factores que condicionan a distribución da poboación (factores físicos, políticos, históricos e económicos).
14. Explicar as consecuencias do progresivo envellecemento da poboación mundial e valorar as posibles consecuencias dos desequilibrios actuais e futuros.

15. Reflexionar sobre as consecuencias que xeran os movementos migratorios nos territorios emisores e receptores de inmigrantes, valorando a necesidade de adoptar políticas migratorias que favorezan a integración e que eviten os conflitos entre a sociedade emisora e receptora.

16. Caracterizar a cidade actual, prestándolle especial atención á morfoloxía e ás funcións urbanas e describir a tipoloxía e a xerarquía mundial de cidades.

## **4°ESO**

1. Analizar as características do «Antigo Réxime» desde distintas perspectivas.
2. Reflexionar sobre os avances da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.
3. Analizar o movemento cultural e social en Europa e América coa Ilustración.
4. Identificar e comprender os distintos procesos revolucionarios nos Estados Unidos, Francia, España e Iberoamérica, afondando nos feitos que os motivaron, o seu alcance e as súas limitacións.
5. Entender as causas da Revolución Francesa e describir os feitos máis relevantes.
6. Comprender a evolución de España e Galicia a través dos cambios económicos provocados pola industrialización do país, afondando nos avances e sacrificios e/ou proles e contras deste proceso.
7. Afondar no imperialismo, a súa evolución, as potencias imperialistas e a repartición de poderes no mundo.
8. Identificar os aspectos principais da interconexión entre a «Gran Guerra» e a Revolución Rusa.
9. Identificar os avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.
10. Recoñecer no Romanticismo a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, expresionismo, etc.
11. Analizar os acontecementos, fitos e procesos ocorridos no período de entreguerras.
12. Afondar nas causas que provocaron o auxe dos fascismos.
13. Coñecer os feitos e contextos dos distintos acontecementos bélicos.
14. Identificar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX.
15. Identificar as bases do estado do «Welfare State» en Europa.
16. Analizar a Guerra Fría desde as relacións entre EE.UU. e a URSS.
17. Reflexionar sobre a evolución da ditadura en España e Galicia..

18. Interpretar a repercusión mundial da crise económica.

19. Analizar as causas e consecuencias do derrubamento da URSS.

20. Comprender o proceso de constitución da Unión Europea.

21. Coñecer e identificar algúns factores da globalización.

22. Recoñecer o que supuxo a revolución tecnolóxica .

2º ESO CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	CO MP.	T 1	T 2	T 3
		BLOQUE HISTORIA 2ºeso		CL AV E			

Cambio e continuidade.	Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.		• CSC CMC CT	X		
. Tempo histórico.	Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.		• CSC CMC CT	X		
Vocabulario histórico e artístico.	Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.		• CSC CCL	X		
Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.		• CSC CAA	X		
Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	• CSC CAA	X		
. Feudalismo.	Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC	X		
Islam. Península Ibérica: invasión musul-	Analizar a evolución dos reinos cristiáns e	Comprende as orixes do Islam e o seu al-	slam. Península Ibérica: invasión musulmá.	• CSC	X		

<p>ma. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.</p>	<p>musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.</p>	<p>cance posterior. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.</p>	<p>Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.</p>	<p>CCE C- CSC ▪ CCEC ▪ CMC-CT ▪ CCL</p>			
<p>Reconquista e repoboación.</p>	<p>Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.</p>	<p>Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. Explica a importancia do Camiño de Santiago.</p>	<p>Explica a importancia do Camiño de Santiago. Reconquista e repoboación.</p>	<p>▪ CSC ▪ CCEC CCL</p>	<b>X</b>		
<p>. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.</p>	<p>Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.</p>	<p>Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.</p>		<p>CSC</p>	<b>X</b>		
<p>Arte románica, gótica e islámica.</p>	<p>Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.</p>	<p>Describe características da arte románica, gótica e islámica.</p>	<p>Arte románica, gótica e islámica.</p>	<p>▪ CSC ▪ CCEC CCL</p>		<b>X</b>	
		<p>Bloque 1. O medio físico</p>					
<p>Localización. Latitude e lonxitude.</p>	<p>Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p>	<p>Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p>	<p>Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.</p>	<p>▪ CAA ▪ CMC-CT CD</p>		<b>X</b>	
<p>. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.</p>	<p>Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.</p>	<p>Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.</p>		<p>▪ CAA ▪ CMC-CT ▪ CD CCL</p>		<b>X</b>	
<p>Medio físico de España: relevo e hidrografía.</p>	<p>Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.</p>	<p>Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.</p>	<p>Medio físico de España: relevo e hidrografía.</p>	<p>▪ CAA ▪ CMC-CT ▪ CD CCL</p>		<b>X</b>	
<p>Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.</p>	<p>Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.</p>	<p>Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.</p>	<p>Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.</p>	<p>▪ CAA ▪ CMC-CT ▪ CD CCL</p>		<b>X</b>	
<p>. Clima: elementos e</p>	<p>Coñecer e describir os</p>	<p>Localiza nun mapa os</p>	<p>Clima: elementos e</p>	<p>▪ CAA</p>		<b>X</b>	

factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			
Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CD</li> </ul>			<b>X</b>
Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	Poboación mundial: modelos demográficos e movementos	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>			<b>X</b>
. Poboación europea: distribución e evolución.	Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	Explica as características da poboación europea.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> </ul>			<b>X</b>
Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
. Proceso de urbanización no planeta.	Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	Proceso de urbanización no planeta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
A cidade e o proceso de urbanización europeo.	Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	A cidade e o proceso de urbanización europeo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
A cidade e o proceso	Recoñecer as caracte-	Interpreta textos que	A cidade e o proceso	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>			<b>X</b>

de urbanización en España e en Galicia.	rísticas das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	de urbanización en España e en Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			
. Principais retos e problemas ambientais en España.	Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>

<b>4º ESO CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS AVALIACION</b>	<b>ESTÁNDARES ARENDIZAXE</b>	<b>MÍNIMOS EXIXIBLES</b>	<b>COM-P-CL-A-VE</b>	<b>T. 1</b>	<b>T. 2</b>	<b>T. 3</b>
		BLOQUE HISTORIA 4º ESO					
. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.	Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<b>X</b>		
Ilustración.	Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.	Ilustración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<b>X</b>		
Arte e ciencia en Europa no século XVIII.	Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.	Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<b>X</b>		
Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español	Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contrastos. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.	Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<b>X</b>		

Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.	A.Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	<b>X</b>	
Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.	Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>	<b>X</b>	
Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.	Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.	Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>CCL</li> </ul>	<b>X</b>	
Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?	Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.	Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.		CSC	<b>X</b>	
O imperialismo no século XIX: concepto.	Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial	O imperialismo no século XIX: concepto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	<b>X</b>	
Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.	Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.	Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>CAA</li> </ul>	<b>X</b>	
Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	Cofecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. Analiza o novo mapa político de Europa.Describela derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.	Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>		
. Revolución Rusa.	Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.	Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.	Revolución Rusa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>	<b>X</b>	
. A arte no século XIX.	Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en dis-	Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos ar-		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	<b>X</b>	



	tintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.	quitectónicos da arte do século XIX.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>			
Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.	Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
Fascismo italiano e nazismo alemán.	Analizar as causas do auge dos fascismos en Europa.	Explica diversos factores que fixeron posible o auge do fascismo en Europa.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
II República española e a Guerra Civil.	Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	II República española e a Guerra Civil.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
. Orixes da II Guerra Mundial.	Coñecer as causas da II Guerra Mun	Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras )	Orixes da II Guerra Mundial.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>			<b>X</b>
Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.	Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	Sitúa nun mapa as fases do conflito. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			
O Holocausto.	Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	O Holocausto.	CCS			<b>X</b>
Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>			<b>X</b>
. Procesos de desco-	Organizar os feitos	Describe os feitos re-	Describe os feitos re-	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>			<b>X</b>

lonización en Asia e Áfric	máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	levantes do proceso descolonizador.	levantes do proceso descolonizador.	CCL			
Ditadura de Franco en España.	Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.	Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>			<b>X</b>
Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.	Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>			<b>X</b>
Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982)	Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.	Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. Enumera e describe algúns dos principais feitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	Transición política en España: da ditadura á democracia (1975)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>			<b>X</b>
Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política	Entender a evolución da construción da Unión Europea.	Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>CCL</li> </ul>			<b>X</b>

tica supranacional.							
A globalización económica: concepto e características.	Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.	Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>CSI</li> <li>EE</li> </ul>			<b>X</b>
Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.	Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevenindo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.	Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMC-CT</li> <li>CSI</li> <li>EE</li> </ul>			<b>X</b>

## **METODOLOXIA:**

### **ESTRATEGÍAS METODOLÓXICAS:**

Clases explicativas polo profesorado e traballos de reflexión e investigación individuais e grupais, exercicios do libro e de traballos de campo, exposicións orais polo alumnado, de temas desenvolvidos e exposicións temáticas no día do libro e nas diversas conmemoracións. Clase invertida ou flipped a realizar algunhas unidades didácticas ..

### **RECURSOS E MATERIAIS.**

Libro de texto ed Vicens Vives(2º,4º eso)  
visionado documentais da Historia de España e do National Geographic, Internet  
Artehistoria, traballos individuais cos libros de arte e xeografía da biblioteca escolar,  
mapas mudos , murais etc.

## **AVALIACIÓN SEGUNDO ORDE 25 de XANEIRO 2022**

**DOG Núm. 29 Venres, 11 de febreiro de 2022**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación (ACIS).

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, formativa e integradora. Este departamento avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como o proceso de ensino-aprendizaxe e a propia práctica docente segundo os seguintes indicadores de logro:

## AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

<b>Obxectivos:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel?		
Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores?		
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?		
Fan referencia ás capacidades coas que a nosas materias relaciónanse?.		

<b>Contidos</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos atopamos?		
Se explicitan os mínimos exixibles? para este nivel?		
Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal		

<b>Metodoloxía:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Prevéronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións?		
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?		
Foron adecuados os espazos previstos?		
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.		

<b>Avaliación</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Explicitáronse correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que acadar nos estándares?		
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna?		
Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado e as familias?		
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado coa materia pendente e do alumnado que repite curso?		

<b>Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos)?		
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?		

<b>Actividades complementarias e extraescolares.</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Valoráronse positivamente as actividades comp. e extraesc. ?		

### **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO**

<b>INDICADORES</b>	<b>ESCALA</b>			
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### **AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

<b>INDICADORES</b>	<b>Escala</b>			
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## **RECUPERACIÓN e AMPLIACIÓN en XUÑO**

O período dende a 3ª avaliación(6 de Xuño) ate a avaliación final en Xuño adicaráse á realización de actividades de apoio, reforzo e recuperacions(probas de contido) de partes(avaliacions) ou ámbitos sin superar ou afianzar e á actividades de ampliación .

**No 2ºESO- exercicios da páxina Síntese** ao final de cada tema e proba de contido segundo avaliación a recuperar. Primeira avaliación Temas 1-2-3-5 do libro primeiro. Segunda avaliación temas 6-8 do libro primeiro e Separata de Xeografía de España e Galicia entregando **mapas de unidades de relevo, costas e rios**. Haberá tamén proba de contidos. Na terceira avaliación exercicios Demografía (de síntese) do libro segundo e proba de contidos.

**No 4º ESO- exercicios Síntese de final temas** e proba de contido. Na primeira avaliación Temas 1-2-3-4. Segunda avaliación temas 6-7-8-9. Terceira avaliación temas 10-11-13-14.

### **criterios de cualificación e calificación:**

Probas de Contido- Cada calificación das probas da avaliación será de 8 puntos.

Traballos entregados -1 punto

Traballo de clase ( exercicios, participación)-1 punto

Ademais sumarase ate 1 punto por lectura voluntaria libro, entregando resúme escrito e contestando preguntas orais.

Os traballos que se plantéen por visitas ou conmemoracions contarán, no apartado 2,ate 1 punto.

**O Reforzo Educativo** contará con **dous niveis** de proba de contido: **Nivel Básico** con calificación de Suficiente ou Ben como máximo, e **Nivel Estandar** con calificación sobre 8 puntos ,mais adaptada en tamaño letra ou forma seguindo os protocolos correspondentes.

### **Recuperación de avaliacións-**

Tras vacacións nadal e Semana Santa e no mes de Xuño. A calificación será de 5-6 puntos máximo. Quen non acade suficiente fará **Repesca** dunha avaliación en Xuño. Nota máx 5p.

### **ACTIVIDADES TIPO**

-Visionado películas , documentais, elaboración traballo de investigación de temas da actualidade, filmación de actividades e lugares de interés etnográfico ou histórico-xeográfico. Visitas a puntos xeográficos ou museísticos a través de internet ou si fora posible as visitas didácticas se visitaría:

**2º ESO-** castelo de Sobroso ou de Vimianzo

**4º ESO-** Mupega e Fundación Granell en Santiago

### **MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR**

Aumentar o número de traballos con exposición oral.

Ofrecer a o alumnado traballos voluntarios....

Incrementa-la oferta de títulos de libros de lectura voluntaria.

### **CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO:**

#### **PROXECTO LECTOR-**

Este departamento ten implicacións moi directas ca competencia lingüística e a lectura comprensiva posto que figura entre os seus obxectivos a análise de textos de dificultade crecente, a disertación e argumentación así como a narración e descripción de feitos sociais. A lectura de textos históricos así como de artigos de prensa actuais, son unha constante no desenvolvemento do noso currículo.

Para o presente curso programaremos a lectura dos seguintes títulos:

- Cuentos y leyendas de la Europa medieval, Gilles Massardier, ed, Espasa.
- Finis Mundi, Laura Gallego Garcia, ed, El barco de Vapor, SM.



- Todo bajo el cielo, Matilde Asensi,ed,Planeta.
- El niño con el pijama de rayas,John Boyne,ed,Salamandra.
- Reinas Malditas de Cristina morató,ed Plaza Janés.
- La Isla bajo el mar ,Isabel Allende.
- Historia de dos ciudades,Charles Dickens,ed Vicens Vives.
- El Barón Rampante, Italo Calvino.
- El faro del Fin del Mundo, Julio Verne.

**1º ESO**-Finis Mundi,Laura Gallego Garcia,ed,El barco de Vapor,SM.

**2º ESO**-Cuentos y leyendas de la Europa medieval,Gilles Massardier,ed,Espasa.

**3ºESO**- Libro de Julio Verne(Faro fin del fin del mundo)  
Libro de NOUR ( joven efugiada Siria)

**4ºESO**- Libro Reinas malditas de Cristina Morató.

Libro La isla bajo el mar de Isabel Allende.

Libro Sol de Inverno de Rosa Aneiros.

Libro Historia de dos ciudades de Dickens.

## **PLAN TICS-**

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados nas diferentes materias de este departamento dentro de ámbitos como internet, o emprego de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais constitúense como un elemento gratificante e motivador, e, asemade, unha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado a futuras incorporacions a distintos ámbitos académicos ou laborais.

Esta área facilita a través das súas diversas materias o desenvolvemento de habilidades que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para se informar, aprender e comunicarse.

O alumnado pode ampliar os contidos a través dos distintos enlaces da zona web, que atopará no final de cada tema dado, da editorial do texto.

Outro recurso fundamental nesta área e o sistema de información xeográfica da empresa Google, que combina fotografías de satélite e os sistemas de mapas para situar e mostrar o aspecto de calquera lugar do planeta.

Empregarase así mesmo o texto dixital da editorial Vicens-Vives e Anaya.

## **PLAN CONVIVENCIA**

-O obxectivo final de todo proceso educativo é formar persoas, socializar aos alumnos para ser membros activos da comunidade na que viven, comunidade local, mais tamén comunidade nacional e global. E dentro das áreas escolares non hai dúbida de que as Ciencias Sociais, a Xeografía e Historia e os Valores Éticos teñen un potencial formativo moi elevado pois o seu obxecto de estudo é o ser humano. O obxectivo será o de acadar unha sociedade mais xusta defendendo a dignidade e os dereitos fundamentais para todas as persoas.

Dende esta área se contribúe ao plan de convivencia co tratamento na aula de temas específicos tales como os “dereitos humanos”, os “movementos migratorios”, a “riqueza e pobreza no mundo globalizado”, a “débeda externa dos países subdesenvolvidos” e “convivir como persoas”, para iso será necesario:

- Diferenciar convivir e coexistir.
- Identificar os valores e actitudes que aseguran a convivencia nunha sociedade plural.
- Analizar os diferentes tipos de igualdade.
- Coñecer os avances cara á convivencia xusta.
- Experimentar o recoñecemento recíproco.
- Entender o sentido de xusticia e de gratuidade.
- Identificar os diferentes dereitos fundamentais.

A través do tratamento na clase de estos temas e a través de actividades de representación, por exemplo dramatizacións e roll-playing, pódese pór en marcha aprendizaxes de conductas resolutivas de conflitos.

Outra das actividades para o plan de convivencia será acadar certa preparación na “mediación”.

Neste caso é o propio alumno o que intenta comprender, indagar e solucionar o conflito entre dous compañeiros.

## **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

O departamento de Xeografía e Historia ten moita relación ca competencia lingüística e a lectura comprensiva , posto que figura entre os seus obxectivos a análise de textos. É importante que os alumnos adquiran e melloren a súa competencia lingüística e as súas destrezas comunicativas. Destacarei que a materia de Xeografía e Historia na nosa comunidade impártese na lingua galega. Ademais sinalar que o departamento de Xeografía e Historia neste centro, CPI, onde non hai departamentos de Economía nin de Filosofía, ten entre os seus obxectivos a adquisición do vocabulario específico da materia (arte, xeografía, historia, lexislación laboral, conceptos económicos, de ética etc.....) contemplado nos diferentes cursos da ESO. Contribúe ademais este departamento a o proxecto linguístico do centro co fomento da lectura de narrativa tanto en galego como en castelán así tamén cos debates, resúmos e exposicións orais dos temas desenvolvidos.

## **PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNOS REPETIDORES**

Aqueles alumnos que repitan curso levarán un programa específico ,en tódalas materias adscritas a este Departamento, que consistirá na presentación sistematizada de ESQUEMAS e RESUMOS de cada un dos temas a tratar:

Ao comenzo de cada tema presentarán un Esquema o Cuadro sinóptico que expoñerán no encerado para o aproveitamento do resto do alumnado.

Ao finalizar o tema presentarán en resumo do mesmo que poderá ser leído na clase para repaso de todos os alumnos.

Ao mesmo tempo e dependendo das características ou necesidades educativas especiais que presenten os alumnos recibirán atención á diversidade mediante adaptacións non significativas do currículo, procedementos de avaliación etc....

## **MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE**

No presente curso non se contempla o Agrupamento Específico. Sempre que sexa preciso este departamento utilizará Adaptacions non significativas (do curriculum, das probas de avaliación etc...) así como distintas actividades e exercicios en función do nivel do alumnado para facilitar que todos poidan acadar o máximo desenvolvemento de competencias clave e obxectivos do curso.

Estas medidas así como a elaboración de Programas específicos personalizados van encamiñadas a mellorar o rendemento académico dos alumnos e evitar o abandono escolar. Isto comprende en conta

para todos aqueles alumnos que repetindo curso presentan dificultades coa materia.

A estes alumnos se lles fará adaptacions non significativas, e Reforzo educativo

O texto a empregar será da editorial Vicens Vives e de Anaya, específico para atención a diversidade.

Realizaránse ACI, Reforzo Educativo e Actividades de Ampliación, según as necesidades de cada alumno....(TEA, TDHA, TDH, Dixlexia etc)...e seguindo as directrices do dep.de orientación.

## **PLAN DE TRABAJO PARA RECUPERACION DAS MATERIAS PENDENTES**

Os alumnos con materias pendentes de Xeografía e Historia farán a recuperación por Avaliacións. Nas datas indicadas entregarán Esquemas e Exercicios dos temas correspondentes así como realizarán un exámen das unidades traballadas.

No caso de ter acadado ó Suficiente nestas probas e traballos, non se presentarán á convocatoria de Examen Final no mes de Maio. No caso contrario terán á posibilidade de supera-la materia nesta proba.

A entrega de traballos(exercicios) e exámes será o mesmo dia según o calendario seguinte:

- 1ª AVALIACION- Traballos- Primeira semán de Decembro.
  
- Exámen - Primeira semán de Decembro.
  
- 2ª AVALIACION - Traballos- Primeira semán de Marzo
  
- Exámen - Primeira semán de Marzo
  
- 3ª AVALIACION - Traballos- na data da convocatoria oficial do mes de Maio.
- Exámen- na data da convocatoria oficial de Maio.

## **XEOGRAFIA E HISTORIA- 1ºE.S.O**

### **1º TRIMESTRE**

Temas : 1,2,3,4, - Exercicios de Comproba a túa aprendizaxe e Comproba as túas competencias do final de cada unidade, un Esquema de cada unidade,e proba de nivel-Exáme.

### **2º TRIMESTRE**

Temas: 5,6,7,8 - Exercicios Comproba a túa aprendizaxe e Comproba as túas competencias ,Esquemas de cada unidade e proba de nivel-exáme.

### **3º TRIMESTRE**

Temas: 9,10,11,12 – Exercicios Comproba aprendizaxe e competencias de tódos os temas, Esquemas e Exáme.

## **XEOGRAFIA E HISTORIA- 2ºE.S.O**

### **1º TRIMESTRE**

Temas : 1,2,3,4, - Exercicios de Sintesis de cada unidade, mais Esquemas de cada unidade e proba de nivel-Exámen.

### **2º TRIMESTRE**

Temas: 5,6,7,8 – Exercicios Sintesis de cada tema, Esquemas e proba de nivel-exáme.

### **3º TRIMESTRE**

Temas: 9,10,11,12 - Exercicios sintesis de todos os temas, Esquemas e Exámen.

## **XEOGRAFIA e HISTORIA- 3º E.S.O**

### **1º TRIMESTRE**

Temas: 1,2,3,4- Esquemas de cada tema, Exercicios de Avanza en Competencias e Comproba a túa aprendizaxe e proba de nivel-Exáme.

### **2º TRIMESTRE -**

Temas: 5,6,7,8- Esquemas, Exercicios de Avanza e Comproba e proba de nivel-Exáme.

### **3ºTRIMESTRE**

Temas:9,10,11- Esquemas, Exercicios de Avanza e Comproba e proba de nivel- Exáme.

## **PROCEDIMENTO PARA A CUALIFICACION DA MATERIA PENDENTE**

A calificación da materia pendente terá en conta dous apartados: Por unha banda a proba de nivel (exáme) de Decembro, Marzo e Maio que supón o 50% da calificación e por outra a entrega de exercicios que supón outro 50% da calificación. A calificación final só será de Suficiente (5) , Ben (6) ou insuficiente(4,3,2,1). Só se fará media entre o exáme e os exercicios cunha calificación non inferior a 2,5 puntos.

Rois, a 8 de Setembro 2022

Pilar de Castro Docampo.